



# Ámbito de comunicación

## Educación a distancia semipresencial

### Módulo 1

#### Unidade didáctica 2

## Gramática da lingua

# Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución.....</b>	<b>3</b>
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal.....	4
<b>2.</b>	<b>Secuencia de contidos e actividades.....</b>	<b>6</b>
2.1	O alfabeto. Grafías e fonemas. A sílaba.....	6
2.1.1	O alfabeto.....	6
2.1.2	Sistema vocálico e consonántico do galego.....	6
2.1.3	La sílaba. Diptongos, triptongos e hiatos.....	8
2.2	Acentuación, ortografía, puntuación.....	9
2.2.1	Acentuación.....	9
2.2.2	Ortografía.....	13
2.2.3	Uso de mayúsculas y minúsculas.....	19
2.2.4	Normas de puntuación. Uso del punto y la coma.....	21
2.2.5	O procesador de textos e os correctores ortográficos.....	24
2.3	Morfoloxía, sintaxe, semántica.....	28
2.3.1	Morfología: las categorías gramaticales sustantivo, adjetivo, determinantes.....	28
2.3.2	Introdución á sintaxe.....	36
2.3.3	Relacións de significado entre palabras. Sinonimia, antonimia e polisemia.....	39
<b>3.</b>	<b>Resumo de contidos.....</b>	<b>40</b>
<b>4.</b>	<b>Actividades complementarias.....</b>	<b>42</b>
4.1	Actividades en lingua galega.....	42
4.2	Actividades en lengua castellana.....	44
<b>5.</b>	<b>Solucionario.....</b>	<b>46</b>
5.1	Solucións das actividades propostas.....	46
5.2	Solucións das actividades complementarias.....	51
5.2.1	Actividades en lingua galega.....	51
5.2.2	Actividades en lengua castellana.....	53
<b>6.</b>	<b>Bibliografía e recursos.....</b>	<b>55</b>
<b>7.</b>	<b>Anexo. Licenza de recursos.....</b>	<b>57</b>

# 1. **Introdución**

---

## 1.1 **Descrición da unidade didáctica**

Esta unidade titúlase *Gramática da lingua*. Nela ocupámonos de contidos de tipo ortográfico, fonético, morfolóxico, semántico e sintáctico. A súa finalidade non é tanto que asimile unha serie de conceptos teóricos ou de regras ortográficas como que as empregue á hora de elaborar as propias producións orais e escritas e, deste xeito, mellorar a súa calidade.

A unidade consta dunha serie de contidos teóricos que deberá ler e asimilar como paso previo á realización das actividades que se ofrecen. Antes destas, figura sempre unha ou varias actividades resoltas. Ao final do tema dispón dunha serie de exercicios complementarios na mesma orde na que aparecen no corpo teórico.

A maioría dos contidos presentados nesta unidade son comúns aos idiomas galego e castelán. É o caso de determinadas convencións ortográficas, da teoría relativa ás clases de palabras, semántica ou sintaxe. Dado que os dous idiomas integran en pé de igualdade o módulo da comunicación, non semella necesario repetir aquilo que é común. Daquela, ofrécese nun dos idiomas e faise fincapé nas diferenzas, no caso de existiren. As actividades propostas e complementarias aparecen en ambos os idiomas. É extremadamente recomendable que repare nas diferenzas que galego e castelán presentan en aspectos relativos á acentuación e ao uso dalgunhas grafías.

## 1.2 **Coñecementos previos**

Está vostede ante unha unidade do módulo I. Daquela, os coñecementos previos son os que deben permitirle seguila con aproveitamento e concréntanse nunha boa competencia lectora e nun dominio básico de conceptos lingüísticos.

Debe, asemade, facer uso do dicionario para enriquecer o seu vocabulario e é altamente recomendable que tente dedicar un tempo cada día á lectura de diferentes tipos de textos para asimilar os contidos que está a estudar.

## 1.3 **Suxestións para a motivación e o estudo**

A competencia comunicativa dunha persoa facilitará unha mellora da súa autoestima e unha máis doada inserción e participación social. Asemade, propiciará o exercicio dunha cidadanía máis activa e crítica.

Debe ter en conta que os contidos de que consta esta unidade teñen como finalidade que vostede sexa quen de entender e producir textos orais e escritos coherentes, ben cohesionados e correctos desde o punto de vista lingüístico. Xa que logo, debe realizar as actividades propostas e complementarias, pero, sobre todo, redactar textos aplicando os contidos estudados. A organización e secuenciación do traballo diario é a mellor estratexia para asimilar o aprendido dun xeito adecuado.

## 1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

### Unidade 1. Comunicación oral

Trátase dunha unidade introdutoria ao ámbito de comunicación que presenta uns conceptos iniciais básicos da materia. Recoméndase repartir o traballo de estudo e elaboración das actividades propostas e complementarias ao longo de dúas semanas.

Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver os apartados 2.1 e 2.2, nunhas seis horas de estudo. O apartado 2.3 prepararíase nunhas catro horas de estudo noutra semana.

### Unidade 2. Gramática da lingua

Nesta unidade vai estudar conceptos básicos de fonética, ortografía, sintaxe e semántica. Os contidos que aquí asimile seranlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa oral e escrita e, asemade, para asimilar os coñecementos que aparecen nas outras unidades deste módulo. Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e a realización das actividades propostas e complementarias ao longo de cinco semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1; na segunda e terceira ocuparase do apartado 2.2; na cuarta e quinta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

### Unidade 3. Comunicación escrita

Nesta unidade vai estudar tres tipos de conceptos: técnicas de estudo, introdución á tipoloxía textual e, por último, técnicas de redacción de textos. Os contidos que aquí asimile seranlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa escrita. Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e a realización das actividades propostas ao longo de catro semanas.

Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1 nunhas catro horas de estudo. O apartado 2.2 prepararíase nunhas seis horas de estudo ao longo de dúas semanas. E, por último, na cuarta semana o apartado 2.3.

### Unidade 4. Educación literaria

Dedicaremos unha media de tres sesións lectivas a esta unidade 4; na primeira semana desenvolveranse os apartados 2.1 e 2.2; na segunda, o 2.3 e na última, o 2.4 cos seus respectivos subapartados.

Ademais, vostede deberá dedicar un mínimo de tres horas semanais ao seu estudo na casa, levando a cabo as lecturas e os exercicios propostos.

Lembre que ao final da unidade dispón das correccións de todos os exercicios e actividades para autoxestionar máis eficazmente a súa aprendizaxe.

## 2. Secuencia de contidos e actividades

### 2.1 O alfabeto. Grafías e fonemas. A sílaba

#### 2.1.1 O alfabeto

O **alfabeto** é a representación gráfica dos fonemas dunha lingua. Os fonemas son unidades lingüísticas mínimas de natureza fónica e de carácter distintivo, isto é, os fonemas non teñen significado, pero permiten diferenciar significados. Observe:

Casa / pasa: /k/ e /p/ non significan nada, pero o cambio dun polo outro muda o significado da palabra.

Un sistema de escrita ideal debería ter un único grafema para cada fonema ou son distintivo, pero, por diversos motivos, tanto o galego coma o castelán usan varias letras para representar un único son ou, noutros casos, varios sons aparecen representados cunha soa letra.

O alfabeto galego consta das vinte e tres letras seguintes: a, b, c, d, e, f, g, h, i, l, m, n, ñ, o, p, q, r, s, t, u, v, x, z. Utilizamos tamén os seguintes dígrafos: ch, gu, ll, nh, qu, rr. Un dígrafo consiste en usar dúas letras para representar un único son. Repare na seguinte táboa:

ch	gu	ll	nh	qu	rr
chama	guerra	cella	unha	queixo	carro

En galego podemos atopar ás veces grafías tales como j (iota), ç (cedilla), k (ka), w (uve dobre) ou y (y grego), pero soamente en palabras estranxeiras: jazz, whisky...

En castelán o alfabeto consta de vinte e sete letras. Ademais das existentes para o galego, utilízanse: j, k, w, y. Os dígrafos usados en castelán son os mesmos ca en galego, coa excepción de **nh** (ene hache).

#### 2.1.2 Sistema vocálico e consonántico do galego

En galego e castelán diferenciamos fonemas vocálicos e fonemas consonánticos. O sistema do galego consta de 26 fonemas (7 vocálicos e 19 consonánticos). O castelán ten 24 fonemas (5 vocálicos e 19 consonánticos).

As vogais son sons da fala humana producidos ao expulsar aire pola boca, acompañados da vibración das cordas vocálicas; por iso dicimos que son "sonoras". Na articulación das vogais, o aire non atopa ningún obstáculo para a súa saída.

Non todas as linguas teñen o mesmo número de vogais (o castelán ten 5; o galego, 7; o inglés, 20; o francés, 19...). Amais, algunhas linguas, coma o francés ou o portugués, posúen tamén vogais nasais. O galego tamén as tivo, pero hoxe están practicamente desaparecidas.

En posición tónica ou pretónica o sistema vocálico do galego presenta sete fonemas:

Segundo o seu punto/lugar de articulación diferenciamos:

- Anteriores ou palatais: pronúncianse na parte anterior da boca.
- Posteriores: pronúncianse na parte posterior da boca.
- Central: pronúncianse nunha posición media.

Segundo o grao de abertura diferenciamos:

- Vogais abertas.
- Vogais medio-abertas.
- Vogais medio-pechadas.
- Vogais pechadas.

	Anterior	Posterior
Pechada	i	u
Media pechada	e	o
Media aberta	ɛ	ɔ
Aberta	a	

Pode consultar o enlace que lle ofrecemos a continuación se quere coñecer a correcta pronuncia dos sons galegos:

<http://ilg.usc.es/pronuncia/>

No enlace que figura a seguir pode visualizar a realización dos sons vocálicos:

[http://cotovia.org/fonetica/Fon\\_e\\_ab.html](http://cotovia.org/fonetica/Fon_e_ab.html)

### Actividade resolta

Cal das palabras resaltadas ten a vogal aberta?

- Son **neto** do meu avó / Cal é o soldo **neto**?
- Ten os **ósos** fráxiles / Os **osos** brancos están en perigo polo cambio climático.
- Roi non **fora** traballar / Está **fóra**?

Ten vogal aberta a palabra da primeira oración.  
 Ten vogal aberta a palabra da primeira oración.  
 Ten vogal aberta a palabra da segunda

## Actividade proposta

**S1.** Indique se as vogais tónicas das seguintes palabras son abertas ou pechadas: *seis, sete, porco, mel, só, presa, vén.*

### 2.1.3 La sílaba. Diptongos, triptongos e hiatos

La sílaba es cada fonema o conjunto de fonemas que pronunciamos en una sola emisión o golpe de voz cuando articulamos una palabra.

La palabra **sol** tiene una sola sílaba porque se pronuncia con un solo golpe de voz. En cambio, la palabra **casa** tiene dos, pues al decirla damos dos golpes de voz: ca-sa. Según el número de sílabas, las palabras pueden ser: **monosílabas**, si tienen una sola sílaba, y **polisílabas**, si tienen más de una (bisílaba, trisílaba, tetrasílaba, etc.).

La sílaba puede estar conformada por uno o por varios fonemas. Las vocales solas pueden constituir sílabas: amor (*a-mor*), idea (*i-de-a*); mientras que las consonantes, para formar sílabas, tienen que estar unidas a una vocal.

Las vocales que aparecen seguidas en una palabra pueden pronunciarse unidas en una sola sílaba o separadas en sílabas distintas. La unión de dos vocales en una sílaba se denomina **diptongo** (*nue-vo*, *mie-do*); la unión de tres vocales en una sílaba, **triptongo** (*miau*, *a-ve-ri-güéis*). La separación, en sílabas distintas, de vocales que aparecen seguidas es un **hiato** (*hé-ro-e*, *ca-er*, *ba-úl*).

- **Diptongo:** unión de dos vocales en una misma sílaba; las vocales que pueden formar diptongo son: Una abierta (*a, e, o*) y otra cerrada (*i, u*) en cualquier orden: *fiesta*, *prueba*. Dos vocales cerradas (*i, u*) en cualquier orden: *ciudad*, *ruido*.
- **Triptongo:** unión de tres vocales que se pronuncian juntas en la misma sílaba: la del centro es una vocal abierta y las otras dos son cerradas: *estudiáis*.
- **Hiato:** grupo de vocales que se pronuncian en sílabas diferentes: *tí-o*.

Dentro de una palabra, aquella sílaba que se realiza con mayor intensidad se denomina tónica; el resto son las sílabas átonas. Así, en *estudiante* tenemos:

Sílaba átona	Sílaba átona	Sílaba tónica	Sílaba átona
es	tu	dian	te

## Actividad resuelta

Divida en sílabas las siguientes palabras e indique los diptongos, triptongos o hiatos y la sílaba tónica: *después, baúl, averiguáis, sería:*

Después: des-pués; diptongo: <u>ue</u>
Baúl: ba-úl; hiato: <u>a-u</u>
Averiguáis: a-ve-ri-guáis; triptongo: <u>uai</u>
Sería: se-rí-a; hiato: <u>í-a</u>

## Actividad propuesta

**S2.** Localice los diptongos, triptongo e hiatos que aparecen en las siguientes palabras: *suelo, radiografía, buey, hubiera, desaparición, aéreo, también, puerta.*

## 2.2 Acentuación, ortografía, puntuación

### 2.2.1 Acentuación

#### Regras básicas de acentuación en lingua galega

**Acento** é a maior intensidade coa que se pronuncia unha sílaba dentro de cada palabra. Lembre que esa sílaba que se pronuncia con máis intensidade é a tónica; as outras son as átonas. Segundo a posición da sílaba tónica as palabras poden ser:

**Agudas:** cando a sílaba tónica é a última. Levan acento gráfico cando son polisílabas (máis dunha sílaba) e rematan en vogal, en vogal + n ou en vogal + s. Exemplos: *motor, papá, cartón, alguén, irmáns...*

Non levan acento gráfico cando son monosílabas: *xa, la, fe, di, si, cu, Xan...* Tampouco cando acaban en ditongo decrecente (seguido ou non de *n* ou *s*): *amei, amou, seguiu, colleu, ademais, capitais, papeis, españois* etc., nin noutra consoante que non sexa *-n* ou *-s*: *capital, papel, cantar, nariz, arroz* etc.

**Graves:** cando a sílaba tónica é a penúltima. Levan acento gráfico cando rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s* e en grupos consonánticos distintos de *-ns*. Exemplos: *dúctil, lapis, paxaro, fácil, bíceps...* Tamén se acentúan as palabras graves con ditongo decrecente na última sílaba: *amábeis*.

**Esdrúxulas:** cando a sílaba tónica é a antepenúltima. Levan sempre acento gráfico. Exemplos: *cárcere, árbore, médico...*

**Sobresdrúxulas:** se a sílaba tónica vai antes da antepenúltima. Levan sempre acento gráfico. Exemplos: *mandámosvolo, díxonolo...*

#### Outros casos

Os **monosílabos**, isto é, as palabra que están formadas por unha soa sílaba, por regra xeral non se acentúan. Constitúen unha excepción as palabras que levan acento diacrítico, das que nos ocuparemos no módulo 2.

## REGRAS XERAIS DE ACENTUACIÓN

- As palabras agudas acentúanse cando rematan en **vogal**, en **-n**, en **-ns** ou en **vogal+s**: *tabú, canón, canóns, atrás / anoraks, papel.*
- Non se acentúan nunca os **ditongos decrecentes**, ben vaian seguidos ou non de **-s**: *despois, animais, bocoi, papou...*
- As palabras graves acentúanse cando non rematan en **vogal**, en **-n**, en **-ns** ou en **vogal+s**: *bíceps, fórceps, álbum, álbums.*
- As palabras esdrúxulas acentúanse sempre: *bágoa, video, amálgama, réptiles.*
- As palabras monosílabas non se acentúan: *mel, sol, el, ti.*



### APUNTAMENTOS

- Os demostrativos (este, ese, aquel...) non se acentúan.
- Os adverbios rematados en **-mente** nunca se acentúan

**Acentuación de i, u en hiato:** as vogais *i, u* tónicas levan acento gráfico cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ambas as vogais pertencen a sílabas distintas e que, polo tanto, non forman ditongo. Exemplos: *acentúo, aínda, baúl, caída, egoísmo* etc. Para indicar que non forman ditongo coa anterior, as vogais *i, u* tónicas non se acentúan graficamente cando entre estas e a átona aparece o grafema *h*: *prohibo*.

**Acentuación dos estranxeirismos:** as palabras estranxeiras de uso máis común, aínda que non estean plenamente adaptadas ao galego, seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente. Exemplos: agudas: *iglú, popurrí, iceberg, relax* etc.; graves: *béisbol, ídem, karaoke, médium* etc.; esdrúxulas: *bádminton, déficit, hándicap* etc. Neste tipo de palabras pódese prescindir do acento gráfico correspondente e manter integramente a grafía propia da lingua da que proceden cando exista conciencia clara de que son estranxeirismos.

## La acentuación en castellano

Las reglas que acabamos de ver para la lengua gallega son idénticas en castellano, pero existen pequeñas diferencias en los diptongos, triptongos y extranjerismos.

**Diptongo:** se consideran siempre diptongos a efectos ortográficos:

- Vocal abierta (*a, e, o*) seguida o precedida de vocal cerrada átona (*i, u*): *estabais, confiar, diario, afeitar, viento, pie, guion, aunar, acuario, actuado, reunir, sueño, antiguo...*
- Dos vocales cerradas distintas (*i, u*): *triunfo, incluido, diurno, huir, viuda, ruido.*

Las palabras con diptongo llevan tilde cuando lo exigen las reglas generales de acentuación.

En los diptongos formados por una vocal abierta tónica (a, e, o) y una cerrada átona (i, u) o viceversa, la tilde se coloca siempre sobre la vocal abierta. Ejemplos: *adiós, después, cambié, náutico, murciélago...*

En los diptongos formados por vocales cerradas, la tilde se coloca sobre la segunda vocal. Ejemplos: *lingüístico, cuídate, entrevisté, jesuítico, destruí, pero jesuita, destruir...*

Formas verbales como *crie, crio, criais, criéis* (del verbo *criar*) y sustantivos como *guion, ion, muon, pion, prion, ruan, truhan, Ruan y Sion* se consideran palabras monosílabas y no llevan acento. Este cambio es efectivo a partir de la reforma ortográfica de 2010; en la ortografía de 1999 se prescribía que se escribiesen sin acento, pero dejaba abierta la posibilidad de acentuarlas para los hablantes que las pronunciasen como bisílabas.

Se escriben sin tilde los vocablos agudos terminados en *au, eu y ou*.

Se trata por lo general de patronímicos de origen catalán: *Aribau, Salou, Bernabeu...*

La y precedida de vocal al final de una palabra se considera como una consonante a efectos de acentuación, por lo que todas las palabras agudas terminadas en los diptongos *ay, ey y oy* se escriben sin tilde (*guirigay, virrey...*). No así sus plurales que constituyen palabras agudas terminadas en *s*. Los agudos terminados en *uy* (generalmente topónimos como *Bernuy*) siguen la misma norma y no se acentúan (sí lo hace *benjuí*).

## REGLAS DE ACENTUACIÓN

El acento es la mayor intensidad de voz con que se pronuncia una sílaba dentro de una palabra. Según el lugar que ocupe esta sílaba (llamada sílaba tónica), las palabras se clasifican en:

### AGUDAS

Son aquellas cuyo acento recae en la última sílaba: *can-tar ac-tor ac-ti-tud*  
 - Llevan tilde cuando terminan en **VOCAL, -N, -S**:  
*ca-fé es-tás ca-ra-zón*

### LLANAS

Son aquellas cuyo acento recae en la penúltima sílaba: *ma-sa an-fes di-bu-jo*  
 - Llevan tilde cuando terminan en **CONSONANTE** excepto **-N, -S**:  
*lá-piz cár-cel a-rú-car ár-bol*

### ESDRÚJULAS

Son aquellas cuyo acento recae en la antepenúltima sílaba: *pá-ja-ro ó-ni-co te-lé-fa-no*  
 - Llevan tilde **SIEMPRE**:  
*rá-pi-do a-la-ba bo-li-gro-fo ma-te-má-ti-cas*

### SOBRESDRÚJULAS

Son aquellas cuyo acento recae en la sílaba situada antes de la antepenúltima: *ed-me-te-lo*  
 - Llevan tilde **SIEMPRE**:  
*dé-ja-me-lo quí-ta-se-la cóm-pro-te-lo*

---

### DIPTONGOS

Son secuencias de dos vocales que pertenecen a la misma sílaba.  
 Existen dos tipos de diptongos:

1 vocal abierta + vocal cerrada (o viceversa)  
**AEO + IU** *ai-re pre-mio*  
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales. La tilde se coloca sobre la vocal abierta.  
*can-ción can-cio-nes*

2 vocal cerrada + vocal cerrada  
**IU + IU** *ciu-dad fui-mos*  
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales. La tilde se coloca sobre la segunda vocal.  
*cuí-do-te cuí-do-do*

### HIATOS

Son secuencias de dos vocales que pertenecen a sílabas diferentes.  
 Existen tres tipos de hiatos:

1 vocal abierta + vocal abierta  
**AEO + AEO** *te-a-tro mu-se-o*  
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales.  
*hé-ro-e de-se-o*

2 dos vocales iguales  
**AA, EE, II, OO, UU** *le-er zo-o-la-go*  
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales.

3 vocal cerrada tónica + vocal abierta (o viceversa)  
**IÚ + AEO**  
 - Llevan tilde siempre en la vocal débil, independientemente de las reglas generales.  
*pa-is di-a e-go-is-mo*

### TRIPTONGOS

Son secuencias de tres vocales que pertenecen a la misma sílaba.  
 - Llevan tilde siguiendo las reglas generales. La tilde se coloca sobre la vocal abierta.  
*es-tu-dí-as a-pre-ciéis*

### TILDE DIACRÍTICA

Sirve para distinguir palabras de igual forma pero con distinto significado.

**MONOSÍLABOS**

mi - mí	pronombre - posesivo
tú - tu	pronombre - posesivo
el - él	pronombre - artículo
sí - sí	pronombre o afirmación - condicional
te - te	infinitivo - pronombre
de - de	verbo dar - preposición
se - se	verbo ser o saber - pronombre, marca impersonal...
más - mas	comparativo o suma - (pero)

**INTERROGATIVOS** Se escriben con tilde cuando tienen valor interrogativo o exclamativo

quién	cuánto
cómo	dónde
qué	cuál
cuándo	cuán

Recuerda:

Las monosílabas **NO** se acentúan  
 Las mayúsculas **SÍ**



**Triptongo.** Es el conjunto de tres vocales que se pronuncian en una misma sílaba. Los triptongos están formados por una vocal abierta (*a, e, o*) que ocupa la posición intermedia entre dos vocales cerradas (*i, u*), ninguna de las cuales puede ser tónica. Ejemplos: *amortiguáis, buey, despreciéis, miau*. Se acentúan siempre en la vocal abierta siguiendo las reglas generales de acentuación.

**Extranjerismos.** Solo se acentuarán cuando su uso sea común en español y estén adaptados a la pronunciación y estructura de la lengua. De no ser así, no llevarán acento. Ejemplos: *buró, marketing, bungalow* (pero *bungaló*), etc.

### Actividade resolta

Agrupe as seguintes palabras segundo a posición da sílaba tónica en agudas, graves, esdrúxulas e sobresdrúxulas e póñalles o acento gráfico a aquelas que o deban levar: *maza, biceps, lapis, magoa, mobil, fonte, ademais, capital, aqui, reptil, xuridico, fixonolo, paxaro, dubida, beirarrua, doutor, miudo, dificil, fincape*:

- **Agudas:** maza, ademais, capital, aquí, doutor, fincapé.
- **Graves:** bíceps, lapis, móbil, fonte, réptil, paxaro, beirarrúa, miúdo, difícil.
- **Esdrúxulas:** mágoa, xurídico, dúbida.
- **Sobresdrúxulas:** fíxonolo.

### Actividade proposta en lingua galega

**S3.** Explique a acentuación das palabras do seguinte texto:

A raíz da recente noticia sobre a investigación xenética en Corea, escoitei na radio a condena dun teólogo (“Vai contra a Natureza”) e a dun político progresista (“Podería servir para crear un exército de escravos programados para obedecer, incluso para matar”). O certo é que abundan na Historia eses “exércitos de escravos programados para obedecer, mesmo para matar”, e moitos dos que os forman nin sequera son escravos. Matan por convicción. Pero mesmo cando si son escravos, pódense obter sen o concurso da manipulación xenética. Sempre abondou coa moito máis simple manipulación das consciencias, dos medos, das necesidades. Son técnicas sinxelas, non baseadas no coñecemento científico, senón precisamente na ignorancia. Na ignorancia dos outros, quero dicir.

Non só se teme o que non se coñece, tamén o que non se recoñece. O que chamamos manipulación xenética está connosco desde sempre, só que non nos damos conta. Levamos séculos, milenios, manipulando xenes, alterándoos.”

MURADO, M. A. *Escrito en cafeterías*, Galaxia, Vigo, 2014, pp. 15-16.

### Actividad propuesta en lengua castellana

**S4.** Ponga tilde (acento gráfico) en las palabras que deban llevarla:

Caminan, caminos, tendran, compas, ataud, maldad, traeras
Revela, dificil, astuto, carcel, libro, facil, mesado, cocina
Tomalo, aspero, cuentalo, propositos, mecanico
Correis, virrey, Permuy, estareis, cuidate

## 2.2.2 Ortografía

### Uso do b e do v

O **b** e o **v** representan en galego e castelán un son único que se realiza como oclusivo, bilabial, sonoro. As palabras escríbense con **b** ou **v** seguindo normalmente o criterio etimolóxico, é dicir, de acordo coa orixe de cada palabra.

### Usos do b

- Os verbos rematados en **-bir** e as formas que deles se derivan. Exemplos: *escribir, percibir, recibir, prohibir, sucumbir, concibir...* Son excepcións desta regra os verbos *vivir* e *servir*, que se escriben con **v**.
- Todos os verbos rematados en **-buír** e as formas que deles se derivan. Exemplos: *atribuír, contribuír, imbuír, distribuír, retribuír...*
- Os verbos *beber, caber, deber, haber, saber, sorber*, e todas as formas que deles se derivan.
- As terminacións do pretérito imperfecto de indicativo dos verbos da primeira conxugación: **-ba, -bas, -ba, -bamos, -bades, -ban**. Exemplos: *andaban, bailabamos, camiñabades, cantabas, choraba, falabamos...*
- As palabras que comezan con prefixos **bi-** e **bis-**. Exemplos: *bicicleta, bienio, bifocal, bilateral, bilingüismo, bímembre, bisavó, bisneto...*
- As palabras rematadas en **-bundo, -bunda** e **-bilidade**. Exemplos: *furibunda, medítabunda, moribundo, vagabundo, amabilidade, sensibilidade, contabilidade, habilidade...*
- As palabras comezadas por **bu-, bur-** e **bus-**. Exemplos: *bucal, bufanda, bulir, burato, burbulla, burla, buscar, busto...*
- Escríbese **b** cando este son vai seguido de calquera outra consoante. Exemplos: *abstracto, blasfemia, bloque, blusa, branco, breve, brisa, cable, moble, obstáculo, obstruír, obxecto, público...* Hai algunhas excepcións a esta regra, como a palabra *ávrego*.
- Tamén se escriben con **b** moitas palabras por fidelidade etimolóxica, isto é, porque así se escribían en latín ou na lingua a través da que entraron no galego. Exemplos: *abelá, automóbil, baldeiro, bolboreta, inmóbil, marabilla, móbil, rebentar, trobador...* Tamén se escriben con **b** todas as palabras derivadas das anteriores.

## Usos do v

- Os verbos rematados en -ver e os seus derivados. Exemplos: *ferver, mover, volver, absolver, ver...* Son excepcións desta regra os verbos: *beber, caber, deber, haber, saber, sorber e lamber*.
- Os verbos rematados en **-servar** e **-versar**. Exemplos: *conservar, conversar, malversar, reservar, observar...*
- As formas dos verbos *ter* e *estar* que levan este son. Exemplos: *tivo, tivera, tivemos, tivese, estivo, estivera, estivemos, estiveches...* Como excepción lembre que o pretérito imperfecto de indicativo do verbo *estar*, como todos os da primeira conxugación, se escribe con b: *estaba...*
- As palabras rematadas en **-ava, -avo, -eve, -evo, -eva, -ivo** e **-iva**. Exemplos: *cativo, conflictiva, escravo, leve, lonxeva, oitava, suevo...* Son excepción árabe e sílaba.
- As palabras rematadas en **-ívoro** e **-ívora**. Exemplos: *carnívora, granívora, herbívoro, insectívoro...* É excepción a esta regra a palabra *víbora*.
- Tamén se escriben con **v** moitas palabras por fidelidade etimolóxica, isto é, porque así se escribían en latín ou na lingua a través da que entraron no galego. Exemplos: *avó, avogado, chuvasco, covarde, esvarar, esvelto, garavanzo, gravar, pavillón, varrer, vasoira, verniz, voda, vulto...* Tamén se escriben con **v** todas as palabras derivadas das anteriores.

## Diferenzas ortográficas entre algunhas palabras galegas e castelás

As regras de uso destas grafías son idénticas en galego e castelán; malia que o criterio etimolóxico é o usado nos dous idiomas, algunhas palabras presentan ortografía diferente:

### Diferenzas no uso do B

Galego	Castelán
abelá	avellana
baleiro, baleirar	vacío, vaciar
marabilla, marabilloso	maravilla, maravilloso
móbil e derivados	móvil y derivados
rebentar	reventar
trobador, trobar	trovador, trovar

## Diferenzas no uso do V

Galego	Castelán
acivro	acebo
avó, avoa	abuelo, abuela
avogado	abogado
avultamento, avultar	abultamiento, abultar
avoengo	abolengo
covarde, covardía	cobarde, cobardía
corveta	corbeta
Cristovo	Cristóbal
chubasco	chubasco
escarvar	escarbar
Estevo	Esteban
esvarar	resbalar
esvelto	esbelto
garavanzo	garbanzo
gravar, gravación	grabar, grabación
gravata	corbata
pavillón	pabellón
trevo	trébol
varanda	barandilla
varrer, varrendeiro	barrer, barrendero
verniz, vernizar	barniz, barnizar
voda	boda
voitre	buitre
vulto	bulto
xavalina	jabalina

### Actividade resolta en lingua galega

Poña b ou v segundo conveña nas seguintes palabras: a-ogado, \_oda, \_aleirar, \_arallar, \_ol\_oreta, \_asoira, de\_er, dú\_ida, cra\_ar, tro\_ador, or\_allo, \_ater, \_alea, escara\_ellar:

avogado, voda, baleirar, barallar, bolboreta, vasoira, deber, dúbida, cravar, trobador, orballo, bater, balea, escaravellar

### Actividad resuelta en lengua castellana

Ponga b o v según convenga en las siguientes palabras: a\_ogado, \_oda, \_aciar, \_arajar, esco\_a, de\_er, cla\_ar, tro\_ador, \_atir, \_allena:

abogado, boda, vaciar, barajar, escoba, deber, clavar, trovador, batir, ballena.

## Actividades propostas en lingua galega

**S5.** Complete as palabras das frases seguintes escribindo b ou v segundo corresponda:

O a\_ogado convidounos á súa \_oda.  
O automó\_il do \_icerreitor esta\_a aparcado diante do pa\_illón.  
O meu bisa\_ó é un home moi lonxe\_o.  
Esti\_en \_arrendo a cociña cunha \_asoira \_ella.  
Cando fer\_a a auga bota os gara\_anzos e \_ol\_e a tapar a pota.  
O porco é una animal omní\_oro, come de todo.  
Ti\_emos que facer un tra\_allo\_re\_e sobre o ciclo\_ital das \_ol\_oretas.  
Era un home alti\_o, pero co\_arde.  
Eses papeis a\_ultan moito, van re\_entar a caixa.

**S6.** Explique os significados dos seguintes pares de palabras:

Bate	Vate
Boto	Voto
Balor	Valor
Bela	Vela
Bou	Vou
Ben	Ven

## Actividades propuestas en lengua castellana

**S7.** Complete las palabras de estas frases con b o v:

Si tu\_iera nue\_e euros me compra\_a una\_\_ufanda.  
Me dijo que se i\_a a sa\_er muy pronto la\_erdad.  
Estu\_\_o toda la tarde e\_\_itando hacer los de\_\_eres.  
La\_\_anda gra\_\_ó un concierto en el que se re\_\_eló su\_\_alía.  
De\_\_ió la\_\_arse con un sua\_\_izante\_\_iodegradable.

**S8.** Escriba el significado de estas palabras: *bienes, vienes; bobina, bovina; bacilo, vacilo.*

Poderá realizar máis exercicios sobre o uso do *b* e do *v* (con correccións) nestas ligazóns:

[http://www.ogalego.eu/exercicios\\_de\\_lingua/exercicios/ortografia.htm#6](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/ortografia.htm#6)

<http://www.aplicaciones.info/ortogra/ortogra.htm>

## Uso do h

O *h* é un signo ortográfico que non representa ningún son, pero mantense na lingua escrita, en posición inicial, en interior ou en final de palabra (*horta, prohibir, oh, ah*).

- Escríbense con **h** todas as formas dos seguintes verbos e derivados: *haber, habitar, herdar, honrar, hospedar* e *humillar*. Exemplos: *había, haberes, habitamos, habitante, hai, herdanza, herdarán, honradez, honrarían, hospedara, hospedaxe, humillante...*
- Escríbense con **h** os seguintes prefixos:

<i>Hecto-</i> : hectolitro...	<i>Hexa-</i> : hexágono...
<i>Hemero-</i> : hemeroteca...	<i>Hidro-</i> : hidróxeno, hidrografía...
<i>Hemi-</i> : hemisferio, hemiplexia...	<i>Hiper-</i> : hipermercado, hipermetropía...
<i>Hemo-</i> : hemofilia, hemoraxia...	<i>Hipo-</i> : hipódromo...
<i>Hepta-</i> : heptasílabo...	<i>Homo-</i> : homosexual, homoxéneo...
<i>Hetero-</i> : heterosexual...	

Levan **h** intercalado:

- Palabras como *adherir, adhesivo, anhídrido, coherente, cohibir, deshabitado, deshidratado, deshonesto, deshonra, exhausto, exhibir, exhortar, inhábil, inhumano, prohibir, rehabilitar, vehículo...*
- Por motivos etimolóxicos escríbense con **h** palabras como *harmonía, hasta* e *helmo*.
- Tamén por razóns etimolóxicas non levan **h** palabras como: *aí, ala!, ola!, baía, ermida, irmán, inchar, ombro, orfo, oso, ovo, úmero...*

## Normas específicas de la lengua castellana

Las reglas vistas para la lengua gallega son, en general, válidas para el castellano:

A mayores, se escriben con **h**:

- Las palabras que empiecen por **hia-**, **hie-**, **hue-**, **hui-**: *hiato, hierro, hueso, huidizo*.

## Diferencias entre galego e castelán:

Galego	Castelán
Aí	Ahí
Alelí	Alhelí
Ata	Hasta
Ala!	¡Hala!
Baía	Bahía
Irmán	Hermano
Inchar	Hinchar
Oco	Hueco
Ola!	¡Hola!
Ombreiro	Hombro

Orfo Óso Úmero Ovo Orchata Harmonía (e derivados)	Huérfo Hueso Húmero Huevo Horchata Armonía (y derivados): también es correcto usar la grafía H en esta palabra según la RAE
--	--

### Actividade resolta en lingua galega

Complete as frases que se ofrecen a continuación colocando as palabras propostas no lugar que corresponde: *hipódromo, inhumano, exhausto, ermida, inchei, aí, orfos, ola!*:

- [ \_\_\_\_\_ ] a balsa e agora estou [ \_\_\_\_\_ ].
- Atoparémonos [ \_\_\_\_\_ ], na porta da [ \_\_\_\_\_ ].
- É [ \_\_\_\_\_ ] non axudar aos [ \_\_\_\_\_ ].
- [ \_\_\_\_\_ ]! Pedro, queres vir comigo ao [ \_\_\_\_\_ ]?

Inchei, exhausto Aí, ermida Inhumano, orfos Ola, hipódromo
---

### Actividad resuelta en lengua castellana

Complete las frases que se ofrecen a continuación con las palabras *ai, ahí, hay*:

- No [ \_\_\_\_\_ ] fruta en la nevera.
- Colócate [ \_\_\_\_\_ ], porque estarás más cómodo.
- Cuando le preguntaron por su comportamiento no dijo ni [ \_\_\_\_\_ ].

No hay fruta en la nevera. Colócate ahí porque estarás más cómodo. Cuando le preguntaron por su comportamiento no dijo ni ai.
---

### Actividade proposta en lingua galega

**S9.** Escriba **h** nas palabras que cumpra:

Ombro Orfo Erba Armonía Ipérbole Ovo Emisferio Ectolitro	Onrado Oxe Inumano Exibir Boemio Coesión Baía Desinchar	Coibir Alelí Adesivo Inábil Filarmónica Truán Velaí Incoerente
---	--	---

## Actividad propuesta en lengua castellana

**S10.** Escriba **h** o no según la palabra lo precise:

_abanicar _ucha _adivinanza a_orrador _alcantarillado an_alfabeto _orrible _alto _ondura _anzuelos	_acer _abía salido _aciendo _echarás _ectograma _azafrán _abitación _abuela _abía dicho _ierbabuena	_oquedad _uelga _idroavión _ipermercado _abitante _orfandad _uella _idráulico _iperespacio
---	--	--

Pode reforzar e ampliar o uso do **h** realizando as actividades propostas nestes enlaces.

<http://centros.edu.xunta.es/iespintorcolmeiro/galego/exercicios.htm>

[http://www.ogalego.eu/exercicios\\_de\\_lingua/exercicios/ortografia.htm](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/ortografia.htm)  
[http://www.ogalego.eu/exercicios\\_de\\_lingua/exercicios/ortografia.htm](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/ortografia.htm)

<http://www.aplicaciones.info/ortogra/ortogra.htm>

<http://www.xtec.cat/~jgenover/ortoh.htm>

<http://www.reglasdeortografia.com/ortoindice.html>

### 2.2.3 Uso de mayúsculas y minúsculas

Las mayúsculas pueden cumplir una función demarcativa (por la posición de la palabra en el texto) o una connotativa (marca el tipo de palabra de que se trata).

Ejemplo:

- *Comenzaremos las clases el lunes.* Mayúscula en función demarcativa por ser la palabra inicial de una oración.
- *Hace veinte años se fue a vivir a París.* Mayúscula en función connotativa para indicar que se trata de un nombre propio de lugar.

#### Se usa mayúscula

- Al principio de un escrito.
- Después de punto y seguido o punto y aparte.
- Cuando escribimos nombres propios y los nombres dados a animales: José, Ramírez, Babioca...
- Los nombres geográficos (cuando un artículo forme parte oficialmente del nombre propio, ambas palabras comenzarán con mayúscula): La Habana.

- Los nombres de divinidades: La Virgen del Carmen.
- Los sobrenombres: El Rey Sol.
- Los números romanos: XL.
- Las siglas: ONU.
- Los nombres de instituciones oficiales formalmente constituidas: Real Academia Española.
- Los nombres de las disciplinas científicas cuando nos referimos a ellas como objeto de estudio: Biología, Psicología, etc.
- Los nombres de etapas históricas, festividades, acontecimientos, etc.: la Edad Media.
- Las abreviaturas de fórmulas de tratamiento: Sr. Recuerde que cuando se usa la palabra completa no usamos mayúscula en este caso: *Ha llegado el señor López.*
- Después de dos puntos al final del encabezamiento de las cartas o cuando introducen una cita textual.
- Los símbolos de los puntos cardinales: N, S, E, O.
- En los títulos de publicaciones periódicas se utiliza la mayúscula en la inicial de todas las palabras: *El Periódico de Catalunya.*
- En los títulos de obras de creación (libros, cuadros, piezas musicales, películas, etc.) solo se usa mayúscula en la primera: *El alcalde de Zalamea, La primavera.*

### Se usa minúscula

- Los sustantivos comunes.
- Los días de la semana, los meses del año y las estaciones. Únicamente se usa mayúscula cuando se trata de nombres propios: *La Primavera de Praga.*
- Los nombres genéricos geográficos y de lugar: ciudad, monte, calle...
- Las notas musicales: mi...
- Los gentilicios: español, americano ...
